

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 12 de novembro de 2006.-

Un mar de nomes

Nas noites de moito temporal, aproveitando a fereza da tremenda forza que se desata, o mar encárgase de andar a remexer furibundo nas area das praias, que espertan cubertas por unha grosa capa de algas entre as que se descubren, enredados, os obxectos máis variados, botellas de lixivias e deterxentes baleiras, nasas, restos de redes e outros aparellos mariñeiros que coñeceron mellores tempos, troncos gastados pola loita co mar e o salitre, latas, botes de pintura, zapatos, ramallada... E ultimamente, en medio do caos dese desorde maiúsculo, a loucura do temporal teima tamén en deixar milleiros de nomes deitados encol da area, nomes que non son outros que os deses navegantes nocturnos, insomnes e clandestinos que noite tras noite, faga calor ou faga frío, desafían ao mar escuro e deciden abandonar África, arrecunchados uns contra os outros no reducido interior dunha miserenta embarcación de madeira, chámese caiuco ou chámese “patera”, na procura dun soño que non existe, nun desesperado intento de fuxir da máis absoluta e inxusta das miserias. Porque máis aló da liña do horizonte hai nomes que desaparecen engulidos polo mar para sempre, sen deixar unha pegada nin pronunciar unha verba. Son os nomes dos desherdados da terra, dos que xa non teñen nada que perder, dos que viaxaron días e días, e noites e noites, en interminábeis travesías a traveso das máis resecaas montañas e os máis resecaos desertos, dos que nalgunha praia da costa africana se embarcaron a bordo dunha aventura vital que tiña un final absolutamente incerto. Son os

nomes dos que foxen da máis vergoñenta das miserias, a do bandullo inchado por estar famento, os nomes dos que, mortos de medo pola inseguridade dun futuro máis que incerto, se botan a navegar en noites de completo silencio, os nomes dos que nos contemplan dende detrás do cristal con cara de fame mentres nós comemos na opulencia do bandullo cheo, habitantes que somos do ilusorio interior dun centro comercial chantado en medio e medio dun inhóspito mundo de choupanas, chabolas e favelas levantadas polas mans desesperadas de toda unha tropa de xentes que pasan o día enteiro a fozar en vertedoiros de lixo e pestilentes esterqueiras. E aínda pretendemos que nin sequera se acheguen a mirarnos a traveso dos cristais mentres comemos, vaia fachenda!

O mar encárgase cada noite de cuspir, enredadas en algas, milleiros de xeitos de definir a pobreza, a desesperación, a fame, a angustia ou a miseria. Son os nomes daqueles que decidiron deixar atrás mesmo a súa propia identidade de papel para que ninguén puidese descubrir nin tan sequera o seu lugar de procedencia cando ao remate da viaxe quizais os deteñan os teimudos gardiáns das fronteiras.

Cando un nace nunha familia pobre, nun barrio pobre, dun país pobre, nunha sociedade empobrecida, pobre vai quedar probablemente toda a súa vida. E esas xentes que embarcan a bordo dun anaco de madeira para se aventurar na escuridade da noite incerta non pretenden outra cousa máis que fuxir das miserias respectivas e da absoluta falla de futuro coas que a diario conviven na propia terra, que non é outra que esa África maldita das colleitas perdidas polos rigores da seca, esa África maldita e malfadada onde reinan as inxustizas, a corrupción, a fame, a guerra... esa África do todo vale para chegar

máis arriba por ver quen consegue o mellor anaco no reparto da miseria, a que se debate entre a vida e a morte mentres occidente enteiro mira cara outro lado para facer que non se decata das tremendas magnitudes da traxedia, ese tenebroso reino de matanzas, de granadas, de metralladoras, de minas, de machetes, de loitas encarnizadas entre pobos e entre etnias das que só cando o cómputo do número dos mortos soborda os límites do humanamente tolerábel alguén se lembra, unha África de terras baldías polos rigores da máis absoluta pobreza, habitada por un pobo humilde e submiso que semella que xa nada espera.

Detrás de cada nome dos que aparecen encol das areas da praia está escrito a trágica historia dunha fuxida cara adiante, un relato que parecía non ter final e que non podía ocultar o máis abafante cheiro da miseria escrita do xeito máis claro e preciso, con todas as súas letras. Cada home, cada muller, cada neno, cada nena de África que desaparece no mar deixa o seu nome escrito para sempre nas algas, nas escumas, nas ondas, na resaca, caladas e impotentes testemuñas da súa desaparición, e as augas xa non poden ocultar por máis tempo unha traxedia diaria que non cesa.

Cada noite de temporal, coma troncos que aboian silandeiros, dacabalo das ondas e o vento, navegan á procura da costa os nomes de moitos navegantes que embarcaron na clandestinidade dunha praia africana, agachados na mesta escuridade do mar, sen saber o que o futuro lles deparaba pero con ollos ilusionados e completamente abertos.